

Concello de Xove

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2011.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 18 horas do día 25 de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2011 (ORDE DE 3 DE MARZO DE 2011). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do Decreto de Alcaldía de data 13 de abril de 2011, polo que se solicita; ó abeiro da Orde de 3 de marzo de 2011 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ó cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio de 2011; unha subvención por importe de 599.219,33€ (70% do custo total), para o financiamento das actividades e programas reflectidos na memoria obrante no expediente, elaborada polos Servizos

Sociais Municipais. Ós efectos do disposto no Art. 11º 1a da Orde referenciada, o Concello Pleno dáse por enterado.

2º) SOLICITUDE PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA PUMARIÑO (ORDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DO 07/03/2011 DOGA Nº: 52 DO 15/03/2011). RATIFICACIÓN.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da solicitude dunha axuda por importe de 129.206,39€ efectuada polo Sr. Alcalde con data 14 de abril de 2011 ó abeiro da Orde do 7 de marzo de 2011 da Consellería de Economía e Industria para a execución da obra de “Soterramento de infraestructuras eléctricas da rúa Pumariño”, que supón un investimento total de 161.507,99€.

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, e ós efectos do disposto no Art. 6º 1.6 da Orde referenciada, acorda ratifica-la solicitude de subvención efectuada polo Sr. Alcalde Presidente, anteriormente transcrita.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo